

GALPon – Grupo de Amigos Linux de Pontevedra

É a nosa intención organizar unha serie de cursos, impartidos por expertos e expertas coa máxima cualificación en cada unha das materias.

Sirva esta pequena enquisa para coñecer o posible interese que teñan os profesionais e os estudantes neles, así como para que nos propoñades ideas para cursos

Unha das nosas ideas, pensando fundamentalmente nos profesionais que por mor dos seus horarios de traballo poidan ter dificultades para seguir un curso deste tipo é facelos de xeito:

- Intensivo en sesións de 8 horas desenvolvidas na tarde de venres (de 16 a 20 horas) e na mañá de sábado (de 9 a 13 horas) e de ser preciso de 9 a 20 horas con descanso no mediodía.
- Intensivo o sábado de 9 a 20 horas, con descanso no mediodía
- Nalguns casos o sábado de 9 a 20 horas, con descanso no mediodía, e o domingo, de 9 a 13 horas e de ser preciso de 9 a 20 horas con descanso no mediodía.

Finalmente pedimosvos que indiqueades o voso perfil profesional e, se queredes recibir información da programación, que nos indiqueades unha conta de correo-e (poderán ser 8 ou 10 correos nun ano).

Sobre os horarios en fin de semana intensivo

- ☐ **Sí**, parece interesante facelo en venres de tarde e sábado de mañá
- ☐ **Sí**, parece interesante facelo en sábado todo o día
- ☐ **Sí**, parece interesante facelo en sábado e domingo
- ☐ **Non**, nunca asistiría a un curso neses horarios

Profesión:

Estudante de:

Interesado en:

- ☐ **Sistemas de control de versións** (para todos os públicos)
Introducción ao que son os vcs's (cvs, xvn, bazaar, git, ...),
e pequena/media profundización nalgún deles.
Orientado tanto á xente que programe, como para outros usos
(edición de fotos, ficheiros de texto...)

Duración: 8 horas

- ☐ **Uso avanzado de ferramentas libres orientadas a ámbitos profesionais**
Blender
Gimp & inkscape, orientado a usuarios avanzados de photosop

Duración: 20-30 horas

- ☐ **Aloxamento seguro de páxinas web**
Uso de cifrado , pgp e ssh
Apache + modsecurity
Greensql (proxy para inxeccións sql a mysql)
Grsecurity (securización do kernel)
Host IDS (comprobación das firmas dos ficheiros para detectar alteracións)

Duración: 8 horas



Mini Curso sobre SSL

Que é unha CA?

Tipos de certificados

Xeración de certificados e petición de sinaturas a CA

tinyca - xestión de CA - <http://tinyca.sm-zone.net/>

Duración: 8 horas



Mini Cursos sobre expresións regulares

...materia moi estensa, aquí hai para facer un minicurso, ou un master de 300 horas.

Duración: 6-12 horas por bloque (ou grupo)



Solucions completas de virtualización baseadas en software libre:

proxmox (rm -rf ~/vmware && rm -rf ~/.VirtualBox)

Virtualización de sistemas Linux (openvz). Mellor aproveitamento dos recursos e máis comodidade administrativa.

Virtualización por hardware empregando kvm.

Balanceo, alta disponibilidad.

Duración: 12-16 horas



Uso avanzado da plataforma eclipse

Java

Android Google SDK

Duración: 12-20 horas

Desexo recibir información de cursos no meu correo-e

Faganos as súas propostas

Agradecemoslle que aporte o máximo de detalles
